

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA CATEGORIA TÉCNICO/A SUPERIOR (FP2 OU EQUIVALENTE) – ANALISTA DE LABORATORIO, PARA A EMPRESA PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

Xenética Fontao, S.A. é unha sociedade mercantil pública autonómica, coa forma de sociedade anónima e cunha participación maioritaria no capital social da entidade pública instrumental adscrita á Consellería do Medio Rural e do Mar Fondo Galego de Garantía Agraria. Os estatutos da citada sociedade publicáronse mediante Resolución do 6 de outubro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A., autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de setembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia*, número 213, do 6 de novembro).

Nos citados estatutos se establece que corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacóns, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración Autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

En materia de persoal, a sociedade rexerase polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia, en concreto no seu artigo 110.c), que dispón que se poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, previa convocatoria mediante anuncio público e designación dunha comisión de selección. Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Polo que, en virtude das facultades previstas nos Estatutos da sociedade, e dando cumprimento ao acordo do Consello de Administración da sociedade Xenética Fontao, S.A. de 25 de setembro de 2020, o presidente do Consello de Administración,

RESOLVE:

Convocar a apertura do prazo para inscrición na Listaxe para a contratación temporal de **TÉCNICOS/AS SUPERIORES (FP2 ou equivalente) – ANALISTAS DE LABORATORIO** para os Laboratorios de Xenética Fontao, S.A.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto é a apertura dunha listaxe para a selección e contratación temporal por Xenética Fontao, S.A. de **TÉCNICOS/AS SUPERIORES (FP2 ou equivalente) – ANALISTAS DE LABORATORIO**, para os Laboratorios de Xenética Fontao, S.A.

Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación

A presente convocatoria publicarase no D.O.G., axustándose no disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei 2/2015 do empregos público de Galicia (art. 58) e demais normativa concordante.

A dita contratación revestirá a modalidade contractual regulada na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto Lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional séptima, pola Lei 14//2011 e o Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será de 37,5 horas semanais, que poderán desempeñarse en quendas de mañá e/ou tarde, en función das necesidades produtivas, procedementais e organizativas da empresa. O posto de traballo estará situado na sede dos Laboratorios de Xenética Fontao, S.A en Fontao - Esperante (27210 - Lugo).

Terceira.- Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia estimada dos contratos será dun MÁXIMO DE 3 ANOS dende a data da súa sinatura, ou ata a cobertura definitiva do posto de traballo mediante o correspondente proceso selectivo.

Para os/as candidatos/as seleccionados/as, unha vez formalizada a relación laboral establecerase un período de proba dun (1) mes, de conformidade co disposto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

Cuarta.- Tarefas a desempeñar

As actividades a desenvolver consistirán na realización de análises de ADN en mostras biolóxicas de distintas especies, co obxectivo dos seguintes servizos laboratoriais aplicados á selección e mellora xenética:

- Xestión do almacenamento e procesado de mostras biolóxicas emplegadas para análises do ADN.
- Métodos de illamento e purificación do ADN a partir de diferentes mostras biolóxicas: sangue enteiro (EDTA), soro, seme, raíces de pelo, tecido, etc.
- Reacción en Cadea da Polimerasa (PCR). Especialmente a amplificación múltiple de secuencias de ADN tipo microsatélite, analizando paneis de marcadores aceptados pola Sociedade Internacional para a Xenética Animal (ISAG).
- Análise de SNPs, empregando a tecnoloxía de análise de microarrays de ADN nas diferentes plataformas de xenotipado.
- Electroforese de fragmentos de ADN en xeles de agarosa, obtidos mediante PCR e/ou análises de restrición.

- Electroforese capilar de fragmentos de ADN obtidos por PCR en analizadores xenéticos de ADN con tecnoloxía de marcaxe fluorescente.
- Implantación do sistema de xestión da calidade baseado nos requisitos da norma UNE-EN ISO/IEC 17025 e os esixidos pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).
- Participación nas actividades desenvolvidas nas demais unidades laboratoriais da empresa (laboratorio de análise de seme e laboratorio de fecundación *in vitro*).

Quinta.- Requisitos xerais

Os/as aspirantes deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españoles e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- b) Idade: ter cumplidos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidad funcional: a estos efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Sexta.- Requisitos específicos

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión dos seguintes requisitos:

- a) Titulación requerida: Ciclo formativo de grao superior (técnico superior/ FPII ou equivalente) en laboratorio de análise e de control de calidade, análises clínicos ou equivalente. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite no seu caso, a homologación do título. Este requirimento non será de aplicación aos aspirantes que

obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesión reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

- b) Coñecemento do idioma galego acreditado mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditalo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo I destas bases.
- c) Estar en posesión do carné de conducir (B).
- d) Dispoñibilidade para desprazarse polo territorio nacional e o estranxeiro.

Sétima.- Solicitudes e prazo

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar debidamente cumplimentada a solicitude que figura no Anexo II destas bases, no prazo de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ó director-xerente de XF, e a súa presentación poderase facer:

- Nas oficinas de rexistro de XF, sitas en LG. FONTAO – ESPERANTE – 27210 LUGO, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.
- Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ao número 982 284 626, acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resgado acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección).

O enderezo e teléfono que figure nas instancias considerarase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

Oitava.- Documentación a presentar

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Currículo.
- c) Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente.
- d) Copia cotexada do título académico esixido no que se indique a cualificación final do mesmo. No caso de non estar indicada no título dita cualificación, presentarase tamén a copia cotexada do documento oficial onde apareza.

- e) Copia cotexada do expediente académico completo do máster universitario sobre o emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria.
- f) Copia cotexada dos certificados ou diplomas dos cursos realizados sobre o emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria., con especificación da súa duración en horas.
- g) Copia cotexada dos certificados de participación en proxectos de investigación relacionados co emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria.
- h) Copia cotexada das publicacións científicas relacionadas co emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria., onde figuren os autores ou documento acreditativo da súa aceptación para publicación. No caso de comunicacóns a congresos, documento acreditativo da presentación das mesmas.
- i) Copia cotexada dos contratos de traballo.
- j) Copia cotexada dos documentos de adxudicación das bolsas de formación e/ou dos certificados das prácticas de formación relacionadas co emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria.
- k) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- l) Copia cotexada do carné de conducir (B).
- m) Copia cotexada dos certificados de coñecemento do idioma inglés.

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos á data da publicación desta convocatoria.

Para os efectos da documentación requirida, admitirse aquela que sexa cotexada por as administracións públicas, organismos autónomos, universidades públicas, axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 982 284 391 (ext. 3013), en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Novena.- Procedemento de selección e elaboración da listaxe.

1.- Comisión de selección

A baremación das solicitudes efectuarase, de acordo coas Bases específicas, por unha comisión de selección presidida polo director-xerente de Xenética Fontao, S.A. e formada polas dúas direccións técnicas/xefaturas de área da empresa.

2.- Funcións da comisión de selección

Son funcións da comisión de selección:

- a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarles as cualificacións ós aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.
- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ó órgano de contratación.
- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor ó Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A. os candidatos/as que obtiveron maior puntuación a efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á comisión de selección de Xenética Fontao, S.A. con enderezo en Fontao - Esperante (27210 - Lugo).

Décima ..- Proceso de selección- Baremación.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

1ª fase: Baremo de méritos (máximo 90 puntos):

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgáráselle a máxima puntuación.

1. Formación (máximo 20 puntos):

A. Cualificacións académicas para a obtención do título académico de FP 2 – Técnico Superior en especialidades de laboratorio (máximo 10 puntos):

- Aprobado (5-6,99): 5 puntos
- Notable (7-8,99): 7 puntos
- Sobresaínte (> 9): 10 puntos

B. Cualificacións obtidas en máster universitario relacionados co emprego das técnicas de análise do ADN en mostras biolóxicas das especies animais que figuran na base cuarta desta convocatoria (máximo 5 puntos):

- Aprobado/notable no máster: 3 puntos

- Sobresaínte no máster: 5 puntos

C. Cursos de formación realizados sobre o emprego das técnicas de análise do ADN en mostras biolóxicas das especies animais que figuram na base cuarta desta convocatoria (máximo 5 puntos):

- Entre 8-20 horas: 0,5 puntos
- Entre 20-35 horas: 0,75 puntos
- Entre 35-50 horas: 1 puntos
- 50 ou más horas: 1,5 puntos

2. Experiencia profesional (máximo 65 puntos)

A. Contratos de técnicos superiores de FP e/ou de técnicos medios de FP (auxiliares de laboratorio), desenvolvendo actividades que consistiran no emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria. (máximo 45 puntos):

Contratos de técnicos superiores de FP: establecérese unha puntuación de 1,5 puntos/mes.

Contratos de técnicos medios de FP (auxiliares de laboratorio): establecérese unha puntuación de 0,5 puntos/mes.

Os contratos a tempo parcial computaranse segundo un criterio de proporcionalidade, de xeito que a puntuación equipararase a da xornada laboral de 40 horas/semanais (160 horas/mes).

B. Bolsas e prácticas de formación de técnicos superiores en FP relacionadas co emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria. (máximo 15 puntos), establecéndose unha puntuación de 1 punto/mes.

C. Participación en proxectos de investigación de convocatorias públicas (autonómica, nacional ou internacional) relacionados co emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria. (máximo 3 puntos):

- De convocatorias autonómicas: 0,1 puntos/proxecto
- De convocatorias nacionais: 0,2 puntos/proxecto
- De convocatorias europeas: 0,3 puntos/proxecto

D. Publicacións e comunicacións científicas relacionadas co emprego das técnicas de análise do ADN e laboratorios de biotecnoloxías reproductivas, descritas na base cuarta desta convocatoria. (máximo 2 puntos):

- Artigos publicados en revistas de calidad, segundo o índice de impacto descrito por algunha das seguintes fontes de consulta, JCR Science - WOS, SRJ - Scimago Journal & Country Rank: 0,4 puntos/artigo.
- Artigos publicados noutras revistas, libros ou capítulos de libros: 0,3 puntos/artigo, libro ou capítulo
- Comunicacións en congresos: 0,2 punto/comunicación

- Publicacións divulgativas e informes relevantes: 0,1 puntos/publicación ou informe

3. Coñecemento do idioma inglés (máximo 5 puntos).

Valórarse o coñecemento do idioma Inglés con preferencia sobre outros idiomas en base a que permite unha maior interlocución no ámbito internacional e o coñecemento de traballos de investigación relacionados coa materia obxecto de publicacións internacionais (índices SCI, JRC, ISI).

Tómase como referencia ó MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as lingua do Consello de Europa) e o RD 1629/2006 (BOE do 4 de xaneiro de 2007):

- Polo nivel básico A2: 1 punto.
- Polo nivel usuario independente B1 (Umbral): 2 puntos.
- Polo nivel usuario independente B2 (Avanzado): 3 puntos
- Polo nivel usuario competente C1 (Dominio Operativo Eficaz): 4 puntos
- Polo nivel usuario competente C2 (Mestría): 5 puntos

2ª fase.- Entrevista (máximo 10 puntos):

Aos 10 candidatos que obtiveron máis puntuación na primeira fase, a Comisión de selección que valorou os currículum e resto de méritos, citaraos para unha entrevista persoal coa finalidade de perfilar a selección definitiva.

A entrevista, en canto técnica de investigación cualitativa, pódese definir como unha conversa provocada polo entrevistador e guiada por él mesmo, para elo usarase o modelo de entrevista semi-estructurada e en profundidade, cuxo obxectivo e apreciar e coñecer as habilidades funcionais e competenciais dos aspirantes segundo o cargo que van a desempeñar. A súa duración non excederá de 25 minutos.

A Comisión poderá realizar as mesmas preguntas a todos os candidatos e/ou ben realizar preguntas aleatorias nadas no contexto da conversa para facer fincapé en aqueles aspectos que máis destaque ou chamen a atención do candidato.

As preguntas a realizar poden dividirse en tres grandes bloques:

- Preguntas dirixidas ao perfil persoal do entrevistado: afeccións, intereses (destinadas a romper o xeo), así como outro tipo de preguntas que se detallan a continuación. Este bloque constituirá o 10% da puntuación da entrevista.
- Preguntas dirixidas a evaluar a disponibilidade, capacidade de organización e capacidade para traballar en equipo. Este bloque constituirá o 30% da puntuación da entrevista.

-Preguntas dirixidas a coñecer a experiencia do candidato, centradas nas súas competencias desenvolvidas anteriormente. Esta fase da entrevista, utilizarase para comprobar a información

contida no currículum e as preguntas estarán dirixidas a examinar os coñecementos sobre a materia para a cal se convocou a praza. Este bloque constituirá o 60% da puntuación da entrevista. A puntuación que obteñan os aspirantes na entrevista sumarase á puntuación obtida na baremación de méritos, respectivamente, resultando elixidos os/as aspirantes que teñan a maior puntuación global.

PERFIL PERSOAL:

- ¿Afeccións?.
- Situación familiar / persoal.
- Intereses persoais.
- ¿Cómo se describiría a sí mesmo?.
- ¿Cáles son as súas fortalezas e feblezas

DIPOÑIBILIDADE/ORGANIZACIÓN/TRABALLO EN EQUIPO/ASPECTOS TÉCNICOS:

- ¿Cambiaría de domicilio?
- ¿Non cree que viaxar tódolos días pode supoñer que seña un candidato non preferente?
- ¿Estaría disposto a viaxar regularmente por España – EU?
- Neste posto sería preciso traballar algún día, 10 horas diárias...
- ¿Aceptaría facer tarefas en algún momento inferiores a súa categoría profesional?
- ¿Cómo se organizabas para traballar co resto de compañeiros?
- ¿Qué sería para vostede o mellor ou peor de traballar en equipo?
- ¿Preguntas relativas os aspectos técnicos recollidos no ANEXO III?

EXPERIENCIA:

- ¿Comente os tres feitos más destacados da súa formación?.
- ¿Destaque os tres feitos más relevantes da súa faceta profesional?.
- ¿Qué pode aportar á empresa?
- Preguntas concretas segundo *curriculum* aspirantes...

Undécima.- Lista provisional e definitiva de admitidos

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a comisión de selección publicará na páxina web: (www.xeneticafontao.com) e no taboleiro de anuncios da empresa, a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e a súa puntuación.

Na lista constará, en todo caso, o nome e o número do documento de identidade ou documento equivalente, e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as e a súa puntuación. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión. Contra esta lista provisional poderase interpor reclamación no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación.

Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca aportar nova documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará a lista definitiva de admitidos coas puntuacións respectivas no prazo de dous (2) días hábiles. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita coa publicación da lista definitiva. A lista definitiva resultante terá unha vixencia de un ano dende a data da súa publicación, e poderá ser

utilizada para a cobertura temporal de postos vacantes desta categoría que puideran producirse neste período.

Duodécima.- Criterios de desempate

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resloverase a favor da muller. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola Resolución da consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2015, DOG número 28, de 11 de febreiro, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma.

No caso de persistencia do empate unha vez aplicados os criterios anteriores, este resloverase mediante un sorteo entre os implicados.

Décimo terceira.- Resolución do proceso de contratación.

Os/As candidatos/as seleccionados deberán aceptar o posto no momento do chamamento que se efectuara mediante a convocatoria telefónica dos candidatos en función da súa puntuación, por orde de maior a menor puntuación. A notificación das ofertas de traballo realizarase telefonicamente ó interesado/a, circunstancia que se intentará por dúas veces, cun intervalo mínimo de dúas horas, procurando deixar constancia de tales intentos.

Décimo cuarta.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Os/As candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao seu tratamiento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamiento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoos nas oficinas de XENÉTICA FONTAO, S.A. en Fontao - Esperante (27210 - Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Décimo quinta .- Recursos

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A., nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Décimo sexta.- Órgano de contratación

Corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

Décimo séptima.- Disposición final

A participación neste proceso selectivo por parte dos/as candidatos/as supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Lugo, 23 de decembro de 2021,

O presidente do Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A.

Silvestre José Balseiros Guinarte

ANEXO I

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sexta da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algúns dos candidatos non poida acreditalo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respuestas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola comisión de selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respuestas incorrectas descontarase unha correcta
- As respuestas en branco non puntúan
- As dobres respuestas e as que non estean claras se considerarán incorrectas

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respuestas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respuestas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respuestas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. e na páxina web de XENÉTICA FONTAO, S.A..

A comisión de selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respuestas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes.

Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA CATEGORIA TÉCNICO/A SUPERIOR (FP2 OU EQUIVALENTE) – ANALISTA DE LABORATORIO PARA A SOCIEDADE PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.

Apelidos:.....
Nome:..... NIF:.....
Enderezo:.....
Localidade:..... Provincia:.....
Código Postal:..... Teléfono:..... E-mail:.....
Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....
Nº de afiliación á Seguridade social:.....
Titulación

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Copia cotexada do D.N.I
- Currículo
- Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente
- Copia cotexada do título académico
- Copia cotexada do expediente académico do máster universitario
- Copia cotexada dos certificados dos cursos realizados
- Copia cotexada dos certificados de participación en proxectos de I+D+i
- Copia cotexada das publicacións e documentos acreditativos da presentación de comunicacións a congresos
- Copia cotexada dos contratos de traballo
- Copia cotexada dos documentos de adxudicación das bolsas de formación e/ou dos certificados das prácticas de formación
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
- Copia cotexada do carné de conducir (categoría B)
- Copia cotexada dos certificados de coñecemento do idioma inglés

Fago constar que a presente documentación consta de ___ folios, numerados correlativamente do 1 ao ___

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:.....

ANEXO III

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A ENTREVISTA .

- 1- Almacenamento e procesado de mostras biolóxicas de orixe animal.
- 2- Métodos de illamento e purificación do ADN.
- 3- PCR para amplificación múltiple de secuencias de ADN tipo microsatélite.
- 4- Análise de SNPs empregando a tecnoloxía de análise de microarrays de ADN.
- 5- Electroforese de fragmentos de ADN obtidos por PCR.
- 6- Técnicas aplicadas en laboratorios de biotecnoloxías reproductivas.
- 7- Norma UNE-EN ISO/IEC 17025.